



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP de Cervo

Lugar PEDROUZO, S/N (CERVO)
27891 Cervo (Santa María)
☎ 982870207 📠 982870208
ceip.cervo@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/>

COLEXI^o DE CERVO

PLAN DE IGUALDADE

CEIP de Cervo

Aprobado en Consello Escolar a 29 de xuño de 2022



ÍNDICE

Introducción

1. Contextualización normativa e do centro
2. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia
3. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do Plan
 - 3.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
 - 3.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
 - 3.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
 - 3.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia
4. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos
 - 4.1. Organización do centro
 - 4.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes
 - 4.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo
 - 4.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar



INTRODUCCIÓN

A modo de preámbulo, comentaremos brevemente neste apartado cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar no centro. Os **obxectivos coeducativos** están concretados nos distintos plans do centro, os cales son difundidos a través da páxina web para a súa información e sensibilización. Todos os anos se levan a cabo **actividades** dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo) e dalgunha outra non incluída oficialmente no mesmo (celebracións LGTBI). Ademais, téñense en conta os **protocolos** (*Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero; Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso e Procedemento corrector de condutas contrarias á convivencia*) para abordar as posibles condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

No apartado 3 (Identidade do centro) do **Proxecto Educativo** (09/06/2016) figuran os seguintes puntos:

“- **Coeducación**: o centro fomentará a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller. Coidarase a selección do material educativo, o reparto de tarefas, a selección de xogos...”

“- Respecto á diversidade: non se admitirán as desigualdades nin discriminacións entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consideradas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha **distribución estereotipada de papeis entre os sexos** ou dunha **imaxe machista, de dominación dun sexo sobre o outro** en calquera ámbito da vida.”

No apartado 2 do **Plan de convivencia do centro** (09/06/2016) figuran os seguintes obxectivos específicos coeducativos:

- “Promover a integración, aceptación social e persoal de todo o alumnado, en especial ao alumnado con NEE, sen discriminacións por razón de raza, **sexo**, idade ou calquera outra circunstancia persoal ou social.”
- “Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no **fomento da igualdade entre homes e mulleres.**”

Nas **Normas de Organización e Funcionamento** (apartado 9 do Plan de convivencia) tense en conta a **non discriminación por razón de sexo** no relativo á

vestimenta do alumnado, dando liberdade e nunca provomendo o uso de uniforme escolar.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

Actualmente (curso 2021/22), no **claustru** temos a seguinte proporción de mestras e mestres:

Xénero	Número	Porcentaxe (referencia)
Mulleres	15	79 %
Homes	4	21 %

No **equipo directivo** contamos coa seguinte proporción:

Xénero	Número	Porcentaxe
Mulleres	2	67 %
Homes	1	33 %

En canto ás **coordinacións** das distintas dinamizacións (Biblioteca, EDLG, Voz Natura, , E-Dixgal, TICs), a proporción é a seguinte:

Xénero	Número	Porcentaxe
Mulleres	3	60 %
Homes	2	40 %

Analizando os datos anteriores vemos que a representación dos dous xéneros no equipo directivo e nas coordinacións das distintas dinamizacións aproxímase á porcentaxe de referencia.

En canto ao **persoal non docente**:

Xénero	Número	Porcentaxe
Mulleres	3	75 %
Homes	1	25 %

En canto á participación das **nais/pais** na escola:

Actividade	Xénero	Número	Porcentaxe
Consello Escolar	Mulleres	4	80 %
	Homes	1	20 %
Club de lectura	Mulleres	6	100 %
	Homes	0	0 %



Escola de familias	Mulleres	30	91 %
	Homes	3	9 %
Colaboradoras comedor escolar	Mulleres	6	86 %
	Homes	1	14 %

Neste caso si que é notable a diferenza no xénero das persoas proxenitoras que se apuntan para participar nas distintas actividades, sendo **moi escasa ou nula a participación dos pais** (homes).

En canto ao **alumnado**, no curso 2021/22 o 47% do alumnado son nenas (56) e o 53% nenos (62).

Do alumnado con **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** (NEAE), o 55% son nenos (6) e o 45% nenas (5).

No que se refire ás **condutas contrarias á convivencia**, das rexistradas neste curso académico foron todas por parte de **nenos** (4).

En canto á participación nas **actividades extraescolares** organizadas pola ANPA do centro:

Actividade	Xénero	Número	Porcentaxe
Manualidades	Mulleres	2	33 %
	Homes	4	67 %
Xadrez	Mulleres	0	0 %
	Homes	12	100 %
Baile moderno	Mulleres	7	87 %
	Homes	1	13 %
Teatro	Mulleres	6	67 %
	Homes	3	33 %
Guitarra	Mulleres	3	38 %
	Homes	5	62 %
Karate	Mulleres	4	21 %
	Homes	15	79 %

Son moi destacables o caso das actividades de xadrez e baile moderno, que ademais neste curso académico tiñan lugar no mesmo día e á mesma hora.



No **Consello Escolar** contamos co seguinte número de mulleres e homes:

Xénero	Número	Porcentaxe
Mulleres	11	73 %
Homes	4	27 %

Cabe resaltar neste órgano de goberno que os membros electos mediante votación son 100% mulleres no caso das mestras (5 mestras como representantes do profesorado e ningún home).

3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN

3.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do noso centro educativo.
- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.
- Favorecer a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.

3.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no Plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente de violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).

3.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Establecer ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa.

3.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia

- Abordar a educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.

4. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

4.1. Organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.



- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, recollido anualmente na Programación Xeral Anual de cada curso.
- Difundir o Plan de Igualdade entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25N, 8M, celebracións LGTBI, etc).
- Promover pautas de revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

4.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes:

- Realizar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero, incluíndo as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (selección dos contidos, personaxes, imaxes, linguaxe...).

4.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos (Polo creativo).
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas...

4.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Durante o curso académico farase un seguimento da Programación Xeral Anual, na que estará presente a concreción anual do Plan de Igualdade. Ao remate de cada curso figurará na memoria xeral un apartado relativo a este Plan.